



NORTE-SUR, O XÉNERO NO CENTRO

Implicadas acaba de cumprir unha década de traballo de cooperación dende unha perspectiva galega e de xénero



BLANCA RODRÍGUEZ
Implicad@s no Desenvolvemento

No 2008, o ano que acabamos de deixar atrás, Implicadas/os No Desenvolvemento cumpriu a súa primeira década de traballo para cambiar o mundo dende unha perspectiva que, no momento en que naceu, non existía e agora digamos que tampouco abunda: unha perspectiva galega e de xénero. Os nosos proxectos existen para axudar a saír as comunidades coas que traballamos da pobreza extrema e a discriminación a través do empoderamento e o desenvolvemento endógeno. Pero non é posible considerar a unha comunidade, nin a unha sociedade desenvolvida cando a metade da súa poboación continúa a padecer desigualdade, discriminación, opresión e violencia. Por iso en Implicadas consideramos o enfoque de xénero o eixo fundamental do noso traballo: a superación da discriminación que padecemos as mulleres en tódolos eidos, a dobre discriminación que padecen as mulleres dos nosos proxectos, por ser pobres e por ser mulleres. E por iso este ano 2009 que comeza agora terá como fío condutor das nosas actividades o traballo de xénero en todos os eidos, tanto no Sur como aquí en Galicia.

Cando falamos do enfoque de xénero nos proxectos de desenvolvemento axiña se crea a imaxe mental do "traballo con mulleres", pero en realidade o enfoque de xénero é algo ben distinto: non consiste en traballar con mulleres, senón con toda a comunidade, mulleres e homes de todas as idades, dende a infancia á vellez. Porque cambiando so os patróns que afectan as mulleres só se consegue agravar o problema, sobrecargándoas de traballo, xerando conflitos nas familias e nas comunidades. Non. É fundamental que os homes tamén



se impliquen e sexan partícipes do cambio das estruturas do patriarcado, porque, en realidade, traballar cun enfoque de xénero non consiste máis que en traballar coa perspectiva transversal de que en calquera actuación que se realice hai que ter sempre en conta cal vai ser o impacto nos papeis que o xénero nos bota enriba nada máis nacer e como se debe enfocar para que esa iniciativa permita axudar a corrixilos.

Como o seu propio nome indica, Implicadas/os No Desenvolvemento traballa nos países do Sur (Etiopía e a India) para promover o seu desenvolvemento, pero esta non é máis ca unha cara da moeda, a cara a miúdo máis visible, mais non necesariamente a máis importante. A pobreza non xorde porque si, nin lles toca a uns países ser ricos e a outros pobres na ruleta da fortuna: ten unhas causas e unhas raíces que se estenden ata o Norte, ata os países

ricos nos que vivimos nós. Ata Galicia. Por iso é fundamental o traballo na nosa terra, na nosa sociedade, porque o cambio que precisan os países empobrecidos do Sur non se producirá sen unha mudanza nos modos de ser, actuar consumir e ver o mundo nos países ricos do Norte, onde a cotío se presenta as poboacións do Sur como nenos e nenos caracterizadas/os pola

nacer en Galicia ou en Etiopía, xa que as mulleres experimentamos en todo o mundo os mesmos problemas, a mesma desigualdade e a mesma violencia. As manifestacións poden ser distintas, pero o problema de base é o mesmo.

Esta é unha mensaxe que Implicadas transmite a través de tódalas súas accións de sensibilización e manifestacións

HOXE CÓMPRE GLOBALIZAR A SOLIDARIEDADE E A LOITA CONTRA OS PATRÓNS RETORCIDOS DO XÉNERO, PORQUE É UN PROBLEMA GLOBAL QUE NOS AFECTA A TODAS E A TODOS, DE AÍ QUE TECER REDES E COMPARTIR EXPERIENCIAS É FUNDAMENTAL

indefensión, a ignorancia, a impotencia e mesmo a preguiza. No caso da loita pola igualdade das mulleres esta visión imperialista e racista do mundo que impregnan as nosas sociedades (poderíamos citar o recente caso do fiscal rioxano Eduardo Peña, sancionado pola ocorrente frase "Abrid las ventanas que la negra huele mal", referida a unha nixeriana que ía ser xulgada) interactúa co machismo polo que é preciso ademais que deixemos de ver ás mulleres pobres como vítimas desvalidas e pasemos a velas como persoas cheas de potencial e ideas que, moitas veces, non precisan máis que unha oportunidade para desenvolve-las. E por suposto, é necesario que as nosas sociedades comprendan que non é unha cuestión de riqueza ou pobreza, de

públicas, sexan cursos, relatorios, documentais, materiais didácticos ou libros. Un labor que ven de ser galardoado recentemente co III Premio *Eu Tamén Navegar*, para unha Galicia sen violencia de xénero, concedido pola Secretaría Xeral de Igualdade en recoñecemento do traballo pioneiro de implicadas e da importancia de "globalizar a solidariedade para loitar contra a violencia de xénero, igual que se globaliza a economía", en palabras do vicepresidente Anxo Quintana.

É ben certo que cómpre globalizar a solidariedade e a loita contra os patróns retorcidos do xénero, porque é un problema global que nos afecta a todas e a todos. Por iso en Implicadas consideramos que tecer redes e compartir experiencias e coñe-

cementos é fundamental. E por iso este ano presentamos o congreso internacional *Norte-Sur, o xénero no centro*, no que contaremos coa presenza de expertas e expertos de diversos países (incluídos, por suposto a India e Etiopía), co que se agarda iniciar unha corrente de dobre vía pola que flúan eses coñecementos e experiencias dende Galicia e cara a Galicia, de xeito que inunde a nosa sociedade. Este congreso celebrarase ao longo dos meses de abril e maio e recorrerá toda a xeografía galega, con relatorios en Vigo, Santiago, Lugo, Rianxo, A Coruña, Ourense ou Ferrol e nel contaremos coa participación de entidades como Homes galegos pola igualdade ou o Observatorio sobre Muller e Conflitos, autoridades na materia como Vanesa Saiz, Irene Manzano ou Lidia Senra e persoal dos proxectos de Implicadas que compartirán a súa experiencia no terreo: Zinash Bezabih (Etiopía), Sheela Vincent (India) e Mohammed Hussein (Etiopía).

En resumo: Implicadas é unha organización de desenvolvemento, pero tamén o é de xénero. Nos nosos principios de actuación e planificación estratéxica a superación da discriminación das mulleres en todas as súas formas ocupa un papel sobranceiro e os esforzos por visibilizar a súa importancia son constantes en tódolos eidos. Implicadas é a única ONGd galega que se define como "de xénero" e que planifica tódalas súas actuacións entorno a esta realidade transversal. Porque as mulleres somos a metade do mundo e porque a violencia non é admisible en ningunha circunstancia nin en forma ningunha. ●

SOBRE A AUTORA

Blanca Rodríguez, tradutora de profesión. É voluntaria de Implicad@s dende 2000. Exerceu o cargo de Coordinadora de Voluntariado e actualmente é Secretaria da organización, ademais de Coordinadora do Equipo de Prensa e Comunicación. Asistiu ao Cumio Mundial do Microcrédito, celebrado en Halifax (Canadá) no 2006, onde tivo ocasión de coñecer ao fundador do Grameen Bank, Mohammed Yunus. Tamén ten visitado os proxectos da India, tanto en labores de seguimento como no seu papel de Coordinadora do ciclo formativo Vanakkam.

